

MATERIA  
Estrutura Económica Mundial I

TITULACIÓN  
Grao en Economía

unidade  
didáctica  
**2**

# Os recursos do sistema económico mundial

**Pedro Varela Vázquez**  
**María del Carmen Sánchez Carreira**  
**Óscar Rodil Marzábal**

Estrutura Económica  
Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Ciencias Sociais e Xurídicas

**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16533-42-8

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533428>

**MATERIA: Estrutura Económica Mundial I**

**TITULACIÓN: Grao en Economía**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Introducción conceptual e evolución global do sistema económico mundial**

A economía como ciencia social. A análise estrutural da economía.  
Conceptos básicos

Sistemas económicos. Análise e evolución do sistema capitalista

Crecedo e cambio estrutural na economía mundial

**Unidade II. Recursos do sistema económico mundial**

Evolución da poboación mundial: a transición demográfica

Trazos e tendencias actuais da poboación mundial

O fenómeno do envellecemento demográfico e as súas implicacións

Os fluxos migratorios: causas, implicacións e tendencias actuais

Os recursos naturais como factor económico

Recursos renovables e non renovables

Tendencias actuais no sistema enerxético mundial

A economía e a problemática medio ambiental

Límites ao crecedo económico. O crecedo sustentable

**Unidade III. Dimensións da crecente interrelación no sistema económico mundial**

O comercio internacional: estrutura, tendencias e marco regulador

Os procesos de integración económica: concepto, etapas e factores explicativos. A integración europea

A internacionalización do capital produtivo: investimento estranxeiro directo e empresas multinacionais

O sistema monetario internacional. As relacións financeiras internacionais. As crises financeiras

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OBXECTIVOS

### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. A poboación mundial: disparidades na evolución, estrutura e movementos migratorios
  - 2.1. Evolución da poboación mundial: a transición demográfica
  - 2.2. Trazos e tendencias actuais da poboación mundial
  - 2.3. O fenómeno do envellecemento demográfico e as súas implicacións
  - 2.4. Os fluxos migratorios: causas, implicacións e tendencias actuais
3. Os recursos naturais e a base enerxética do sistema
  - 3.1. Os recursos naturais como factor económico
  - 3.2. Recursos renovables e non renovables
  - 3.3. Tendencias actuais no sistema enerxético mundial
  - 3.4. A economía e a problemática medio ambiental
  - 3.5. Límites ao crecemento económico. O crecemento sustentable

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

### AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

### ANEXOS

- Anexo 1. Textos de interese sobre as dinámicas demográficas e os recursos naturais
- Anexo 2. Bases de datos e publicacións de interese no eido da enerxía

### BIBLIOGRAFÍA

- Bibliografía básica
- Bibliografía complementaria

**PRESENTACIÓN**

Esta unidade didáctica denomínase «Recursos do sistema económico mundial» e forma parte da materia Estrutura Económica Mundial I, que se imparte no primeiro curso do Grao en Economía. Segundo o plan de estudos da titulación (BOE nº 56, de 5 de marzo de 2010), dita materia ten carácter obrigatorio. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e impártese no segundo cuadrimestre. Cómpre mencionar que o Grao en Dirección e Administración de Empresas conta cunha materia análoga no primeiro curso, titulada Estrutura Económica Mundial. Deste modo, a presente unidade didáctica tamén pode utilizarse como material de apoio para esta última materia.

Estrutura Económica I inclúese no módulo de Estrutura Económica e Desenvolvemento, conformado por seis materias, das cales cinco son obrigatorias e unha optativa. O devandito módulo pretende que o alumnado acade a capacidade de interpretar os principais fenómenos e tendencias da economía mundial, europea, así como da española e da galega. Asemade, neste módulo facilítase que o alumnado analice dende unha perspectiva crítica diferentes tendencias recentes e escolas de pensamento económico ligadas coas diferentes perspectivas do desenvolvemento económico a nivel mundial. Tamén constitúen obxectivos deste módulo o estudo dos diferentes enfoques que analizan os factores que inflúen no desenvolvemento a nivel rexional e local.

Na seguinte figura pódese apreciar a estrutura interna do devandito módulo. En primeiro lugar, o módulo comeza no primeiro curso con Estrutura Económica Mundial I, dando paso no seguinte curso a Estrutura Económica Mundial II. No terceiro curso impártese as materias Estrutura Económica de España e da Unión Europea, Estrutura Económica de Galicia e, Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local. Finalmente, no último curso ofértase a materia optativa titulada Desenvolvemento Económico e Sustentabilidade.

**Figura 1. Estrutura interna do módulo de Estrutura Económica e Desenvolvemento**




Fonte: Elaboración propia

A materia Estrutura Económica Mundial I pretende introducir ao alumnado nas principais características definitorias da economía mundial, así como nos seus principais retos e eivas, dende unha perspectiva sistémica. Asemade, dita materia entronca directamente coa materia “Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico, impartida” impartida no segundo curso da mesma titulación, que aprofunda e expande os contidos teóricos e prácticos, así como introduce a perspectiva do desenvolvemento económico.

Esta materia organízase para transmitirle ao alumnado as características fundamentais da análise estrutural, así como as pautas de formación do sistema económico mundial. Neste sentido, con esta materia preténdese contribuír a que o alumnado desenvolva os instrumentos analíticos dunha metodoloxía sistémica e poida interpretar as características actuais e tendencias futuras da economía mundial. Desta forma, abórdanse temas centrais pasados e actuais da economía mundial para que o alumnado se familiarice con este enfoque.

A programación docente da materia Estrutura Económica Mundial I componse de tres unidades didácticas como se amosa na seguinte figura.

**Figura 2. Programación docente da materia Estrutura Económica Mundial I**



Fonte: Elaboración propia

A primeira unidade é introdutoria e intenta contextualizar o enfoque estrutural e a evolución do sistema capitalista, mentres que as outras dúas analizan diferentes elementos do sistema económico mundial. A unidade obxectivo de desenvolvemento é a segunda, referente ás cuestións da poboación mundial e da base enerxética do sistema económico mundial. Deste modo, tras estudar os recursos do sistema económico mundial, a terceira unidade aborda o comercio internacional, os procesos de integración económica, a internacionalización dos fluxos financeiros e, finalmente, o sistema monetario internacional.

Esta unidade didáctica dirixese ao alumnado de primeiro curso do Grao de Economía, pero tamén a aqueles matriculados na materia Estrutura Económica Mundial do Grao en Administración e Dirección de Empresas, dadas as amplas similitudes en relación ao temario. Así mesmo, a presente unidade tamén pode servir como guía para as labores docentes, posto que facilita un coñecemento máis preciso dos contidos abordados nesta materia e das actividades realizadas. Deste

modo, pode servir coma un instrumento para a coordinación horizontal e vertical de materias, buscando sinerxías para unha aprendizaxe máis integral, e para evitar solapamentos de contidos.

Os contidos desta unidade didáctica impartiranse en 17 horas, das cales 8 son expositivas e 9 interactivas.

## OBXECTIVOS

---

A materia Estrutura Económica Mundial I serve como introdución á análise estrutural e sistémica, permitindo ao alumnado familiarizarse cos principais fenómenos e tendencias na economía mundial. Asemade, facilita a capacidade analítica necesaria para interpretar os novos escenarios que xurdan na economía mundial, así como constitúe unha base teórica e metodolóxica para afondar nas diferentes perspectivas da análise estrutural en posteriores materias do módulo de Estrutura Económica e Desenvolvemento.

Os obxectivos da materia Estrutura Económica Mundial I son os seguintes:

- **Obxectivo 1** comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía e algunhas pautas de formación do sistema económico mundial;
- **Obxectivo 2** aprender a analizar a economía mundial cos instrumentos propios dunha metodoloxía sistémica;
- **Obxectivo 3** adquirir a capacidade para percibir e interpretar os cambios que afectan ao funcionamento do sistema económico en xeral;
- **Obxectivo 4** coñecer elementos relacionais que hai detrás dos modelos de acumulación;
- **Obxectivo 5** detectar e comprender as características estruturais do sistema económico, as relacións económicas mundiais, as desigualdades existentes e os problemas sociais.

As competencias da titulación ás que contribúe a materia son as seguintes:

- **Competencia xeral 1** saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas a un nivel xeral, así como resolver problemas sobre estas cuestións, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade empresarial, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios;
- **Competencia xeral 2** coñecer a realidade económica mundial, sectores produtivos, sector público, institucións económicas e a súa evolución;
- **Competencia xeral 3** saber identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito empresarial, incorporando na elaboración de xuízos e propostas as consideracións pertinentes sobre a súa dimensión social, científica ou ética;
- **Competencia xeral 4** identificar, acceder e manexar fontes de información económica;
- **Competencia xeral 5** desenvolver a capacidade analítica necesaria para abordar estudos económicos.

Pola súa banda, as competencias específicas desta materia son as seguintes:

- **Competencia específica 1** coñecer e interpretar os cambios recentes na evolución da economía mundial, con especial atención ao carácter interdependente dos elementos e relacións que configuran esta realidade;
- **Competencia específica 2** comprender o papel e funcionamento das institucións económicas internacionais;
- **Competencia específica 3** coñecer os conceptos básicos da economía aplicada necesarios para a comprensión do contido da materia;
- **Competencia específica 4** familiarizarse e comprender a prensa económica, en especial nos temas referidos á economía mundial.

A segunda unidade didáctica aborda as disparidades na evolución, estrutura e movementos migratorios da poboación mundial; así como a base enerxética do sistema económico mundial. Tendo en conta os obxectivos propostos nesta unidade, á súa finalización o alumnado deberá ser capaz de:

- **Obxectivo 1** coñecer a relación entre a poboación e a enerxía coa economía;
- **Obxectivo 2** identificar as implicacións económicas de diversas tendencias demográficas como o envellecemento da poboación e os fluxos migratorios;
- **Obxectivo 3** identificar o concepto e a tipoloxía de recursos naturais;
- **Obxectivo 4** coñecer os principais trazos e tendencias do sistema enerxético mundial;
- **Obxectivo 5** formarse unha opinión crítica sobre os límites ao crecemento económico.

Os obxectivos desta unidade didáctica contribúen a que o alumnado acade os obxectivos 2, 3, 4 e 5 da materia; as competencias xerais 1, 2, 3, 4 e 5; e as competencias específicas 1, 3 e 4.

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Segundo a metodoloxía desenvolvida polo Espazo Europeo de Educación Superior, a materia artéllase a través de sesións expositivas e interactivas, complementadas coas titorías e a formación de grupos de traballo tutelados.

Dado este marco xeral e as limitacións derivadas do tamaño do grupos, as sesións expositivas constitúen o eixo central para o desenvolvemento da materia, mais nelas as explicacións do profesorado débense acompañar coa participación activa do alumnado, mediante preguntas e debates. O método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combinarase co método de elaboración interrogativo. Tendo en conta os obxectivos e o contido, así como o tempo dispoñible, o método de elaboración por descubrimento só se empregará nalgunha actividade interactiva.

A exposición dos contidos teóricos da materia nas sesións expositivas coordínase cunha estrutura de clases interactivas, que permiten poñer en práctica o conxunto de conceptos e técnicas expostos anteriormente. Servirían, por exemplo,



para familiarizar ao alumnado co manexo das fontes estatísticas máis importantes, para o debate sobre temas de interese e cuestións de actualidade, ou o comentario de textos. Neste último caso, partiríase dalgún texto distribuído previamente relacionado cos contidos da unidade didáctica, designando a varios/as alumnos/as que actúen como relatores das ideas principais do texto e da súa opinión antes da discusión conxunta.

As dinámicas do traballo en grupo constitúen actualmente competencias profesionais esenciais, polo que gran parte do traballo desenvolvido nas sesións interactivas organizárase mediante grupos. Deste modo, as diferentes tarefas que se deben entregar por escrito ademais de expoñer en grupo abranguen a elaboración de estudos sobre determinados temas, busca e análise de datos ou comentarios de textos. Este tipo de actividades buscan desenvolver as competencias xerais 1, 2, 3, 4 e 5 e as competencias específicas 1 e 4. Asemade, esta tipoloxía de actividades ten unha tripla finalidade:

- Fomentar que o alumnado sexa partícipe da construción do coñecemento, adoptando unha actitude reflexiva, crítica e con valores éticos.
- Procurar dende as materias introdutorias que o alumnado desenvolva as súas competencias formativas non só a través das leccións maxistras, senón tamén mediante a consulta activa de libros, revistas científicas, estatísticas e bases de datos dispoñibles en bibliotecas e webs especializados.
- Conseguir o desenvolvemento das capacidades de elaboración e de exposición oral de informes.


O alumnado contará co apoio e orientación do profesorado, tanto para a realización das distintas actividades como para calquera outra consulta ou dúbida relacionada coa materia ou a súa formación académica. Nese sentido, as titorías son un sistema pedagóxico complementario destinado a facilitar a comunicación e o intercambio de opinións entre o profesorado e o alumnado. O seu obxectivo esencial é constituírse nunha continuación das clases, permitindo resolver as dúbidas que non quedasen clarificadas na clase, e sobre todo, guiar ao alumnado nos proxectos de traballo que estean desenvolvendo ou propoñer extensións e ampliacións dos temas tratados nas clases ou a súa aplicación a outros contextos. Ademais, a titoría é unha boa fonte de información xeral sobre como se está desenvolvendo o curso. As cuestións que se presenten repetidamente nas titorías son indicativas do interese do alumnado por estes temas, ou ben das deficiencias na comprensión dos mesmos.

Finalmente, a Aula Virtual representa un instrumento con crecente influencia para o desenvolvemento formativo da materia. Na plataforma, o alumnado contará co material de apoio das sesións expositivas, así como as indicacións e os materiais para levar a cabo as actividades propostas nas clases interactivas. Asemade, plantexarase a resolución de probas a desenvolver e tipo test nesta plataforma para comprobar o progreso do alumando na materia, e detectar os posibles puntos febles na comprensión. Desta forma, poderanse implementar, durante a marcha, medidas correctoras para resolver as debilidades detectadas no proceso de aprendizaxe. Estas probas de avaliación deberá realizalas o alumnado a nivel individual. Por último, promoverase a utilización dos foros para o comentario de noticias económicas e vídeos ou para debater sobre temas actuais relacionados coa materia.

## OS CONTIDOS BÁSICOS

Esta unidade didáctica céntrase na análise dos principais recursos cos que conta o sistema económico mundial. En particular, esta unidade didáctica abordará o papel que xoga o factor demográfico e os recursos enerxéticos no desenvolvemento do sistema económico. Deste modo, a unidade didáctica estrutúrase en dous bloques relacionados. Na seguinte figura amósase a estruturación en contidos desta unidade.

**Figura 3. Estruturación temática da unidade didáctica**



Fonte: Elaboración propia

### 1. Introducción

En primeiro lugar, presentarase unha breve contextualización global da temática que se vai abordar co fin de que o alumnado poida percibir a necesidade de analizar a cuestión ligada cos recursos do sistema económico mundial. A finalidade desta introdución consiste en facilitar a implicación do alumnado na temática que se vai tratar, o que redundaría, en definitiva, nun maior nivel de aprendizaxe activo e participativo. Posteriormente, expoñeranse os obxectivos e contidos do tema dende unha perspectiva global e sistémica, para reforzar por que se deben estudar os trazos principais da poboación e o sistema enerxético mundial. A continuación, fórmulanse unha serie de cuestións para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado sobre a relación entre economía, poboación e recursos naturais e enerxéticos. A modo de exemplo, preguntárase se as dinámicas demográficas e os movementos migratorios poden ter incidencias económicas, se pensan que hai diferenzas entre as características da poboación nos diferentes bloques económicos ou se consideran se os recursos naturais poden limitar o desenvolvemento dunha economía. Co fin de contextualizar a temática pódense utilizar gráficos e mapas que comparen onde está concentrada a poboación a nivel mundial e onde están localizados os recursos

naturais, ou ben, mapas que ilustren as diferentes dinámicas demográficas entre bloques económicos.

Previamente a abordar os obxectivos da unidade didáctica, presentarase ao alumnado a bibliografía básica, así como as bases de datos que terán que ser consultadas, para o correcto desenvolvemento da materia. Deste modo, conséguese que o alumnado se familiarice progresivamente coas fontes de información máis importantes relacionadas coa temática, e desenvolva habilidades esenciais de busca e análise crítica de información. Neste sentido, axuda a consecución das competencias xerais da titulación.

## **2 A poboación mundial: disparidades na evolución, estrutura e movementos migratorios**

Esta primeira epígrafe céntrase en analizar os principais trazos e tendencias da poboación mundial, así como as súas implicacións na evolución do sistema económico mundial. Deste modo, un primeiro bloque céntrase na evolución pasada e actual, e un segundo bloque na incidencia socioeconómica dos fenómenos do envellecemento e das migracións.

En primeiro lugar, estudaranse os cambios históricos que sufriu a poboación mundial por grandes áreas xeográficas, facendo especial fincapé na transición demográfica nas últimas décadas. Posteriormente, examínanse as tendencias actuais da poboación mundial, atendendo ás disparidades entre países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento. En relación cos principais fenómenos demográficos, estudaranse as causas e consecuencias do envellecemento nas economías desenvolvidas. Finalmente, tamén se analizarán os factores explicativos e as tendencias actuais dos movementos migratorios.

### **2.1. Evolución da poboación mundial: a transición demográfica**

Neste apartado amósanse os cambios cuantitativos e cualitativos nas dinámicas da poboación a nivel mundial. Desta forma, resaltarase o forte crecemento da poboación mundial, matizado por grandes bloques económicos, así como os seus factores explicativos, como unha das principais características cuantitativas. Dentro dos cambios cualitativos, resaltarase, entre outros, os cambios no capital humano, na esperanza de vida ou nos niveis de fecundidade. Finalmente, presentarase as principais características e os efectos da transición demográfica nos países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento.

As crecentes diverxencias nas pautas demográficas entre os países desenvolvidos e os subdesenvolvidos fan necesario un estudo pormenorizado das dinámicas, causas e consecuencias socioeconómicas das tendencias demográficas no sistema económico mundial.

## 2.2. Trazos e tendencias actuais da poboación mundial

Esta segunda subepígrafe presenta cal é a estrutura demográfica actual a nivel mundial e as súas disparidades xeográficas. En particular, analizarase a desigualdade na distribución xeográfica da poboación, a asimetría na distribución espacial da renda e da poboación, a asimetría xeográfica na distribución da poboación por idades e as diferenzas no grao de urbanización. Asemade, estas tendencias ilustraranse con proxeccións mediante pirámides da poboación, co que se facilitará a visualización dos cambios, como tamén permitirá analizar a situación demográfica nas próximas décadas.

## 2.3. O fenómeno do envellecemento demográfico e as súas implicacións

Neste apartado analizaranse as causas e consecuencias do envellecemento demográfico que afecta, principalmente, ás economías máis desenvolvidas. Este fenómeno, caracterizado por un incremento relativo do peso dos habitantes de máis de 64 anos sobre aqueles con menos de 20, está de máxima actualidade debido á súa incidencia económica. Neste sentido, o envellecemento demográfico pode incidir negativamente no sistema de pensións, no sistema nacional de saúde e tamén no sistema de atención social.

O índice de envellecemento constitúe a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de menos de 20 anos.

## 2.4. Os fluxos migratorios: causas, implicacións e tendencias actuais

Esta cuarta subepígrafe céntrase no estudo das migracións internacionais, que consisten en desprazamentos da poboación cun certo grao de permanencia entre dúas delimitacións xeográficas. Asemade, analizaranse diversos factores explicativos, como poden ser económicos, políticos ou sociais. Ademais, os fluxos migratorios inciden tanto na economía do país emisor coma na do receptor, polo que tamén serán obxecto de estudo os principais efectos demográficos e económicos sobre os dous tipos de sociedades.

## 3. Os recursos naturais e a base enerxética do sistema

Posteriormente á análise dos recursos humanos do sistema económico mundial, cómpre analizar o papel esencial que desempeñan os recursos naturais e, en especial, a enerxía no desenvolvemento económico das sociedades e nos límites ao crecemento económico. Deste modo, este bloque temático comezará estudando o papel dos recursos naturais como factor económico e definindo os diferentes tipos de recursos naturais. A continuación, examinaranse as principais características dos recursos renovables e non renovables. A terceira sección centrarase no estudo da estrutura enerxética mundial, así como a súa evolución recente. Pola súa banda, a cuarta sección abordará a problemática ambiental, tanto a nivel local como global, da utilización dos recursos naturais. Finalmente, na última sección tratarase o problema dos límites ao crecemento económico e introducirase a noción de desenvolvemento sustentable.

### 3.1. Os recursos naturais como factor económico

Nesta primeira subepígrafe analizarase o papel desempeñado polos recursos naturais como input primario para a economía mundial e amosarase a relación entre recursos naturais e desenvolvemento sustentable. Asemade, introducirase unha tipoloxía de recursos naturais que distingue entre recursos naturais non renovables, renovables e recursos ambientais. Estas definicións iniciais permitirán posteriormente analizar a relación entre economía e a problemática ambiental e os límites ao crecemento económico.

Co obxectivo de facilitar unha introdución amigable á temática e permitir unha maior implicación do alumnado, formularanse varias preguntas sobre que entenden como recurso natural, por que son importantes para os procesos produtivos e cales serían os efectos negativos da súa utilización.

### 3.2. Recursos renovables e non renovables

Neste apartado analizaranse as diferentes tipoloxías de recursos renovables e non renovables. A natureza proporciona directamente bens e servizos, sen necesidade de que se produza a intervención humana. Mais non é doado definir os recursos naturais, porque potencialmente calquera deses bens ou servizos pode chegar a ser un recurso para a sociedade, sempre e cando se considere utilizable para a produción. Entre as características que debe presentar un recurso destaca o coñecemento das súas aplicacións e os límites vinculados ao seu uso. Ditos límites refírense tanto ao esgotamento do recurso e no seu caso á súa reposición, como aos límites institucionais, económicos e tecnolóxicos que carrega a apropiación do recurso. Deste modo, dependendo deste uso e apropiación se poderá falar ou non de sustentabilidade do propio sistema.

A continuación, establecerase unha tipoloxía de recursos naturais, que diferenciará entre recursos non renovables, renovables e continuos. Neste sentido, os recursos non renovables son aqueles que non se poden rexenerar nunha escala temporal humana. Pola contra, os recursos renovables son aqueles que se poden rexenerar por procesos naturais dentro dunha escala temporal humana. Estes últimos poden ser continuos ou non. Os continuos son aqueles recursos enerxéticos que non están afectados pola intervención humana. Despois de establecer dita clasificación, procederase a incluír exemplos de recursos de cada categoría.

Os recursos non renovables son aqueles que non se poden rexenerar nunha escala temporal humana.

Os recursos renovables rexenéranse por procesos naturais dentro dunha escala temporal humana.

Os recursos continuos son as fontes de enerxía inesgotables que non están afectadas pola intervención humana.

### 3.3. Tendencias actuais no sistema enerxético mundial

Posteriormente a analizar os recursos naturais en xeral, o obxecto de análise centrarase nos recursos enerxéticos debido a que constitúen, na actualidade, uns dos principais recursos naturais e establecen diversas limitacións ao sistema produtivo.

En particular, examínase a evolución da oferta de enerxía primaria en función do recurso e tamén por áreas xeográficas. Asemade, realízase un estudo análogo co consumo final de enerxía e co consumo enerxético por sectores. Finalmente, analizaranse as emisións de CO<sub>2</sub> en función das fontes enerxéticas e a súa distribución xeográfica. O obxectivo de dita análise consiste na comprensión das principais pautas de desenvolvemento do sistema enerxético mundial e a súa sustentabilidade. Deste modo, poderase estudar se o sistema é de base renovable ou non, cales son os principais consumidores de enerxía, ou onde se localiza a oferta.

### 3.4. A economía e a problemática medio ambiental

Nesta epígrafe abórdanse os principais problemas ambientais derivados da utilización dos recursos naturais e os procesos de colonización e industrialización. Un elemento de gran relevancia na problemática ambiental constitúe o carácter de ben público dos recursos naturais e tamén a dificultade da súa valoración monetaria.

En particular, analizaranse, dende unha perspectiva local ou rexional, problemas ambientais coma a deforestación e a degradación do chan, a dispoñibilidade e calidade da auga ou a chuvia ácida. Ademais, describíranse os problemas ambientais que afectan á humanidade no seu conxunto, coma a perda da biodiversidade, o esmorecemento da capa de ozono ou o cambio climático.

### 3.5. Límites ao crecemento económico. O crecemento sustentable

A combinación, por unha banda, de crecemento económico asociado a niveis máis altos de industrialización e consumo de enerxía e, por outra banda, un modelo de produción a nivel mundial sustentado nunha demanda de recursos non renovables; causa unha conexión directa entre crecemento económico e degradación ambiental.

Nesta epígrafe abórdase este reto da economía actual mediante o estudo dos diferentes enfoques teóricos que tratan o tema dos límites do modelo actual de desenvolvemento. Neste sentido, examínase os enfoques neomalthusianos, os cornucopianos e o enfoque da bioeconomía. Posteriormente, introdúcese o concepto de desenvolvemento sustentable e os seus obxectivos, especialmente, o equilibrio entre o capital natural e o creado polo home. Este obxectivo foi abordado, principalmente polo enfoque tecnocéntrico, ou cornucopiano, e tamén polo enfoque ecocéntrico.

O desenvolvemento sustentable é aquel progreso económico que satisfai as necesidades das xeracións presentes sen comprometer a das xeracións futuras.

O desenvolvemento sustentable atende a unha tripla perspectiva: ecolóxica, económica e social.

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

As actividades propostas desta unidade didáctica artéllanse como un instrumento para complementar e reforzar os contidos presentados nas sesións expositivas. Neste sentido, as actividades propostas son de catro tipos:

- En primeiro lugar, formularase unha actividade en grupos en relación coa temática da poboación mundial. Deste modo, constituíranse grupos de entre tres e cinco estudantes para responder a preguntas formuladas na aula sobre o fenómeno do crecemento e distribución da poboación, a transición demográfica, os movementos migratorios, a estrutura da poboación ou sobre as políticas demográficas, entre outras. Para a realización desta actividade, os alumnos terán que consultar bases de datos internacionais, artigos ou visualizar vídeos. Posteriormente á posta en común entre os membros do grupo, realizarase unha posta en común na aula, discutindo analiticamente os diferentes puntos propostos.
- En segundo lugar, realizarase a lectura e comentarios de textos sobre as dinámicas demográficas e os recursos naturais, que sirvan como base para o debate. Aínda que se recomenda a lectura por parte de todo o alumnado, sempre haberá un grupo relator encargado da lectura dos textos e a exposición previa ao debate. Non se indican os textos a comentar, posto que poden aparecer outros máis recentes que sexan máis axeitados aos obxectivos da materia. Porén, no Anexo 1 suxírense algúns textos de interese.
- O terceiro tipo de actividade consistirá na consulta das bases de datos e publicacións da Axencia Internacional da Enerxía (IEA), da International Renewable Energy Agency (IRENA) ou do Global Wind Energy Council (GWEC). O obxectivo desta actividade consiste en ampliar os datos amosados nas sesións expositivas e que o alumnado poida acadar unha perspectiva máis profunda, e dende diferentes perspectivas, do funcionamento do sistema enerxético mundial. Deste modo, constituiranse grupos de entre tres e cinco estudantes para que se centren en diferentes temáticas e responder ás preguntas propostas na aula. Por exemplo, un dos eidos a analizar será a difusión das enerxías renovables por grandes bloques económicos, a evolución da enerxía nuclear ou o xurdimento e impacto económico de novas técnicas de extracción de hidrocarburos, como a técnica de fractura hidráulica (fracking). No Anexo 2 sinálanse algunhas bases de datos de interese.
- Comentar noticias, temas de actualidade económica ou outro material de interese como vídeos. Esta actividade pódese realizar de xeito presencial ou virtual a través dos foros. Dende a aula promoverase a lectura activa e diaria de noticias ligadas a esta temática, posto que favorece o debate e a posta en práctica dos coñecementos acadados. Trátase de actividades de carácter individual.

## AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

---

Da mesma maneira que no conxunto da materia, esta unidade didáctica aválíase segundo o sistema de avaliación continua en tres momentos temporais: inicial, procesual e final.

- Ao inicio de cada unidade didáctica formularanse diversas preguntas co fin de avaliar o coñecemento previo da materia e comprobar a súa homoxeneidade. Estas preguntas realizaranse, tanto na aula, como a través da Aula Virtual.
- A avaliación procesual terá lugar ao longo do desenvolvemento da unidade didáctica. En primeiro lugar, propóranse preguntas tipo test e a desenvolver na aula virtual, co obxectivo de que o alumnado teña certa flexibilidade temporal para avaliar os coñecementos acadados nas sesións expositivas e interactivas. Asemade, na aula faranse preguntas e comentarios sobre contidos xa expostos, tanto para comprobar o seu nivel de comprensión e aclarar e reforzar o que sexa necesario, como para relacionalo cos novos contidos. Ademais, como a función das sesións interactivas consiste en aplicar, reforzar e ampliar os coñecementos acadados nas expositivas; tamén axudan na avaliación xeral.
- Finalmente, a avaliación final realízase unha vez rematada a unidade didáctica, para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado.

A puntuación final constitúe un compendio da puntuación acadada nas actividades interactivas e a puntuación obtida nas preguntas do exame. Segundo a memoria da titulación do Grao en Economía, o 50% da cualificación final corresponderá á puntuación obtida das actividades interactivas e o outro 50% dependerá da puntuación do exame.

O obxecto da avaliación desta unidade didáctica son tanto os coñecementos sobre os contidos que conforman a unidade, como as capacidades e habilidades que se pretenden que se acaden en relación aos obxectivos e actividades propostas. Neste sentido, avaliarase a participación activa nas aulas, o debate e análise crítica de textos e documentos académicos e de divulgación, a busca e análise de datos, a capacidade de traballar en grupo e a as habilidades oratorias, entre outras.

En relación aos instrumentos para realizar a avaliación, combinaranse os instrumentos presenciais cos relativos á Aula Virtual. Deste modo, combínanse as preguntas tipo test e a desenvolver coas preguntas da Aula Virtual. Asemade, avaliaranse cualitativa e cuantitativamente as actividades realizadas polo alumnado nas sesións interactivas para poder avaliar mellor a súa evolución e resolver debilidades formativas particulares. Desta forma, infórmase ao alumnado dos aspectos ben realizados e daqueles que pode mellorar, no sentido de estimulalos no proceso de aprendizaxe e achegarlle información útil para o seu futuro desenvolvemento académico e profesional.



## ANEXOS

---

### Anexo 1. Textos de interese sobre as dinámicas demográficas e os recursos naturais

Os textos para o comentario serán facilitados previamente ao alumnado e non se determinan porque pode aparecer algún texto novo (sexa artigo ou capítulo de libro) que resulte de interese para a materia. A modo de exemplo, cítanse algunha das seguintes obras:

CASADO, Marín (2001): «Los efectos del envejecimiento demográfico sobre el gasto sanitario: mitos y realidades», *Gaceta Sanitaria*, 2, págs. 154-163.

COLOM, Artur (2012): «Recursos naturales y desarrollo en el Chad: “¿maldición de los recursos o inserción periférica?»», *Revista de Economía Mundial*, 31 (2012), págs. 77-109.

DOLDÁN, Xoán Ramón e ASOCIACIÓN VÉSPERA DE NADA POR UNHA GALIZA SEN PETRÓLEO (ed.) (2013): *Guía para o descenso enerxético*, Betanzos (A Coruña): Asociación véspera de nada por unha Galiza sen petróleo.

MIRÓ, Carmen (2003): «Transición demográfica y envejecimiento demográfico», *Papeles de Población*, 9(35), págs. 9-29.

TAPINOS, Georges e Daniel Delaunay (2001): «¿Se puede hablar realmente de la globalización de los flujos migratorios?»», *Notas de población*, 28(73), págs. 15-35.

WALKER, Alan e Tony Maltby (2012): «Active ageing: A strategic policy solution to demographic ageing in the European Union», *International Journal of Social Welfare*, 21, págs. 117-130. DOI: 10.1111/j.1468-2397.2012.00871.x

### Anexo 2. Bases de datos e publicacións de interese no eido da enerxía

A continuación sinalaranse algunhas publicacións e bases de datos en liña sobre temas enerxéticos que poden ser obxecto de análise na aula.

IEA (2014): *Key world energy statistics*. International Energy Association. Dispoñible na web: <http://www.iea.org/publications/freepublications/publication/key-world-energy-statistics-2014.html> [xuño 2015]

— (2014b): *World Energy Outlook*. International Energy Association. Dispoñible na web: [http://www.iea.org/bookshop/477-World\\_Energy\\_Outlook\\_2014](http://www.iea.org/bookshop/477-World_Energy_Outlook_2014) [xuño 2015]

IRENA (2015): *Renewable energy capacity statistics 2015*. International Renewable Energy Agency. Dispoñible na web: <http://www.irena.org/menu/index.aspx?mnu=Subcat&PriMenuID=36&CatID=141&SubcatID=604> [xuño 2015].

## BIBLIOGRAFÍA

---

Preséntase a bibliografía básica, que pode servir de axuda para a preparación dos contidos desta unidade e, a bibliografía complementaria, que permite unha

aproximación máis ampla ás temáticas abordadas na unidade didáctica. Asemade, ao longo do curso facilitaráselle ao alumnado material complementario, para que poida afondar naqueles aspectos que lle resulten de maior interese. Deste xeito, na aula virtual cóntase cun cartafol de material complementario, no que se inclúen artigos e referencias de textos que permiten ampliar os coñecementos sobre os contidos da unidade didáctica.

### **Bibliografía básica**

- ALONSO, José Antonio (dir.) (2013): *Lecciones sobre economía mundial: Introducción al desarrollo y a las relaciones económicas internacionales*, Cizur Menor (Navarra): Civitas.
- GARCÍA, José Manuel, Gemma Durán e Ángeles Sánchez (coord.) (2011) *La economía mundial en transformación*, Madrid: Paraninfo.
- GARCÍA, José Manuel e Ángeles Sánchez (2013): *Estructura económica y relaciones internacionales*, Madrid: Garceta.
- MAESSO, María e Raquel González (2011): *Manual de economía mundial*, Madrid: Pirámide.

### **Bibliografía complementaria**

- BERZOSA, Carlos (2002): *Los desafíos de la economía mundial en el siglo XXI*, Madrid: Nivola.
- GARCÍA, José Manuel e Gemma Durán (dir.) (2007): *Sistema económico mundial*, Madrid: Paraninfo.
- GONZÁLEZ, Sara (2002): *Organización económica internacional*, Madrid: Pirámide
- MARTÍNEZ, Ángel (2007): *Economía política mundial*, vol. I e II, Barcelona: Ariel.
- MARTÍNEZ, Elvira e José María García (coord.) (2002): *Economía mundial*, Barcelona: Ariel.
- MARTÍNEZ, Javier e José María Vidal (coord.) (2000): *Economía mundial* (2ª edición), Madrid: Paraninfo.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

